

O ÓRGANO

Štefan Uher, 1964

1262

ESTREA EN NUMAX: 26.03.2024 | V.O.S.G. | 95 min

Eslovaquia, Segunda Guerra Mundial. Félix é un soldado polaco, desertor e talentoso organista, que encontra refuxio dos fascistas nun convento franciscano. A beleza das súas interpretacións provoca as envexas do organista local e director do coro até o punto de afastar a Félix do seu agocho e devolvelo aos perigos da guerra.

Sesión incluída no ciclo De Lugares e Órganos en colaboración co Slovak Film Institute e a Secretaría Xeral de Política Lingüística.



O ÓRGANO

Štefan Uher, 1964

1262

ESTREA EN NUMAX: 26.03.2024 | V.O.S.G. | 95 min

Eslovaquia, Segunda Guerra Mundial. Félix é un soldado polaco, desertor e talentoso organista, que encontra refuxio dos fascistas nun convento franciscano. A beleza das súas interpretacións provoca as envexas do organista local e director do coro até o punto de afastar a Félix do seu agocho e devolvelo aos perigos da guerra.

Sesión incluída no ciclo De Lugares e Órganos en colaboración co Slovak Film Institute e a Secretaría Xeral de Política Lingüística.



Beleza espiritual e relacións de poder

Por R. Šmatláková

O órgano é o segundo filme tras *O sol na rede* (1963) do trío formado polo director Štefan Uher, o guionista Alfonz Bednár e o director de fotografía Stanislav Szomolányi. Os cineastas botan man dunha historia emprazada na Segunda Guerra mundial sobre a ocultación dun desertor de guerra polaco -e tamén organista- para ofrecer unha imaxe metafórica sobre a relación do sistema co individuo, da beleza espiritual coas relacións de poder. Nel, Uher acada unha pureza formal sintetizada na combinación de música e imaxe que son, ao tempo, elementos expresivos e contido mesmo do filme.

A música de Johann Sebastian Bach foi seleccionada, adaptada e interpretada ao órgano polo compositor Ján Zimmer. As únicas posibilidades de gravar cun órgano das características que precisaba o filme atopábanse na igrexa de San Martín na Pared de Praga . A música foi gravada en estéreo cun equipo especial de gravación. Os exteriores do filme foron filmados nas igrexas góticas eslovacas de Levoča e Bardejov e na checa de Jindřichův Hradec. A meirande parte dos intérpretes son non profesionais. O personaxe do Irmán Félix foi interpretado por Alexander Březina, estudante de conservatorio, e o de Bachňák por František Bubík, un organista de Bardejov (Eslovaquia). O filme gañou o Premio especial do Xurado no Festival Internacional de Cinema de Locarno en 1965. A pesar dos seus méritos artísticos e o seu éxito internacional, a comisión especial do Ministerio de Cultura da República Socialista de Eslovaquia decidiu retiralo da circulación en 1970 e non foi reestreado até 1987.

Do ben e o mal

Por Peter Horigan

Na miña opinión a obra do eslovaco Štefan Uher non está suficientemente difundida e coñecida. Aínda que *O órgano* narra as experiencias da Segunda Guerra Mundial o seu ton remata trascendendo a súa época e lugar. Porén, algúns detalles poden pasar inadvertidos a un público non eslovaco, como son as diferenzas de idioma e sotaque ou os detalles do período histórico. Despois de facer parte dunha Checoslovaquia única desde 1918, Eslovaquia alíñase coa Alemaña hitleriana para separarse en 1939. Aínda que este vínculo cos nazis é innegable tamén se teñen documentado accións do goberno eslovaco para salvar a moitos xudeus. Neste contexto, o filme lévanos a un mosteiro franciscano eslovaco a onde chega un desertor polaco, cuxo talento ao órgano xera conflitos co director do coro local. Ademais de representar a comunidade de clausura do mosteiro, no filme temos o mundo da pequena burguesía vilega, coas súas intrigas e rexoubas, e o poder da Igrexa e o Estado. Nese contexto, pode o ben agromar do mal? O irmán Félix, membro do mosteiro, foi asasinado polos fascistas, pero o seu hábito ofrece un disfraz ideal para o desertor polaco. Os habitantes locais morreron a causa das minas fascistas, pero a mesma explosión abre un manancial seco cuxa auga, coas súas propiedades curativas, volven correr logo de moito tempo.

Os paralelismos non rematan aí. Os monxes agochan o polaco. Os lugareños agochan algúns xudeus. E a comunidade exprésase a través da música: os irmáns co seu órgano e as súas campás, os concelleiros fascistas co seu novo sistema de altofalantes. Hai ademais unha forte énfase desde a fotografía do filme na verticalidade. Os tubos do órgano riman coas árbores detrás das cales o soldado tenta ocultarse. Tras a súa estrea *O órgano* recibiu importantes premios pero a súa complexidade non pasou desapercibida ás autoridades que a retiraron da circulación. Alén destas implicación políticas o filme ten un sentido máis forte e atemporal que fai que hoxe sexa vívido e relevante. Non é dogmático e deixa o espectador con moitas preguntas sobre as que reflexionar.

Beleza espiritual e relacións de poder

Por R. Šmatláková

O órgano é o segundo filme tras *O sol na rede* (1963) do trío formado polo director Štefan Uher, o guionista Alfonz Bednár e o director de fotografía Stanislav Szomolányi. Os cineastas botan man dunha historia emprazada na Segunda Guerra mundial sobre a ocultación dun desertor de guerra polaco -e tamén organista- para ofrecer unha imaxe metafórica sobre a relación do sistema co individuo, da beleza espiritual coas relacións de poder. Nel, Uher acada unha pureza formal sintetizada na combinación de música e imaxe que son, ao tempo, elementos expresivos e contido mesmo do filme.

A música de Johann Sebastian Bach foi seleccionada, adaptada e interpretada ao órgano polo compositor Ján Zimmer. As únicas posibilidades de gravar cun órgano das características que precisaba o filme atopábanse na igrexa de San Martín na Pared de Praga . A música foi gravada en estéreo cun equipo especial de gravación. Os exteriores do filme foron filmados nas igrexas góticas eslovacas de Levoča e Bardejov e na checa de Jindřichův Hradec. A meirande parte dos intérpretes son non profesionais. O personaxe do Irmán Félix foi interpretado por Alexander Březina, estudante de conservatorio, e o de Bachňák por František Bubík, un organista de Bardejov (Eslovaquia). O filme gañou o Premio especial do Xurado no Festival Internacional de Cinema de Locarno en 1965. A pesar dos seus méritos artísticos e o seu éxito internacional, a comisión especial do Ministerio de Cultura da República Socialista de Eslovaquia decidiu retiralo da circulación en 1970 e non foi reestreado até 1987.

Do ben e o mal

Por Peter Horigan

Na miña opinión a obra do eslovaco Štefan Uher non está suficientemente difundida e coñecida. Aínda que *O órgano* narra as experiencias da Segunda Guerra Mundial o seu ton remata trascendendo a súa época e lugar. Porén, algúns detalles poden pasar inadvertidos a un público non eslovaco, como son as diferenzas de idioma e sotaque ou os detalles do período histórico. Despois de facer parte dunha Checoslovaquia única desde 1918, Eslovaquia alíñase coa Alemaña hitleriana para separarse en 1939. Aínda que este vínculo cos nazis é innegable tamén se teñen documentado accións do goberno eslovaco para salvar a moitos xudeus. Neste contexto, o filme lévanos a un mosteiro franciscano eslovaco a onde chega un desertor polaco, cuxo talento ao órgano xera conflitos co director do coro local. Ademais de representar a comunidade de clausura do mosteiro, no filme temos o mundo da pequena burguesía vilega, coas súas intrigas e rexoubas, e o poder da Igrexa e o Estado. Nese contexto, pode o ben agromar do mal? O irmán Félix, membro do mosteiro, foi asasinado polos fascistas, pero o seu hábito ofrece un disfraz ideal para o desertor polaco. Os habitantes locais morreron a causa das minas fascistas, pero a mesma explosión abre un manancial seco cuxa auga, coas súas propiedades curativas, volven correr logo de moito tempo.

Os paralelismos non rematan aí. Os monxes agochan o polaco. Os lugareños agochan algúns xudeus. E a comunidade exprésase a través da música: os irmáns co seu órgano e as súas campás, os concelleiros fascistas co seu novo sistema de altofalantes. Hai ademais unha forte énfase desde a fotografía do filme na verticalidade. Os tubos do órgano riman coas árbores detrás das cales o soldado tenta ocultarse. Tras a súa estrea *O órgano* recibiu importantes premios pero a súa complexidade non pasou desapercibida ás autoridades que a retiraron da circulación. Alén destas implicación políticas o filme ten un sentido máis forte e atemporal que fai que hoxe sexa vívido e relevante. Non é dogmático e deixa o espectador con moitas preguntas sobre as que reflexionar.